



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 24-04-2020.**

**Expte: 2020/G010/000004**

A Alcaldesa agradece a tódolos veciños e maiores e nenos porque o seu comportamento é espléndido e agradecer a súa paciencia e a tódolos traballadores do concello e especialmente ós servizos sociais, protección civil, sanitarios, policía local, os transportistas, empregados de supermercados etc...E ós que sufren o COVID como Manuel Antelo, sincero pésame as familias que perderon algún familiar por este virus.

Mañan sería a festa dos maiores pero non se pode celebrar e manda un forte abrazo.

Na vila de Vimianzo, ás trece horas dez minutos do día vinte e catro de abril de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE). (Presencial no Salón de Plenos).

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)

Dna. M<sup>a</sup>. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE) (Presencial no Salón de Plenos).

D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)

Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE) (Presencial no Salón de Plenos).

D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Antelo Pazos. (A.V)

D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema. (A.V)

D<sup>a</sup>. María Jesús Barbeira Pose. (A.V)

D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V)

D. Francisco Trillo Pazos. (A.V)

D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Amigo. (PP)

D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: Dna. Lourdes Domínguez.

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) Sección Resolutiva:**

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de febreiro e 10 de marzo de 2020.

2º. Proposta sen ditaminar sobre a modificación da base 52 do orzamento prorrogado, anexo de subvencións nominativas, incluír unha subvención á agrupación de voluntarios de protección civil. Expediente Tedec: 2020/T004/000003

3º. Proposta sen ditaminar sobre o Plan económico-financeiro 2020-2021. Expediente Tedec: 2020/T004/000004.



4º. Proposta sen ditaminar sobre a separación e disolución do "consorcio entre Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Vimianzo para a repoboación forestal do monte de Baiñas".

## **B) Sección de control**

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 335/2020, do 3 de abril de 2020 referente á suspensión parcial e temporal do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

6º. Dación de conta de asuntos económicos.

7º. Dar conta do informe de Intervención en relación coas subvencións que recibiron os grupos políticos en 2019. Expediente Tedec: 2020/X999/000157

8º. Mocións de urxencia

9º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

### **1º.- Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de febreiro e 10 de marzo de 2020.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 28 de febreiro e 10 de marzo de 2020.

### **2º.- Proposta sen ditaminar sobre a modificación da base 52 do orzamento prorrogado, anexo de subvencións nominativas, incluír unha subvención á agrupación de voluntarios de protección civil. Expediente Tedec: 2020/T004/000003**

A presidenta comunica a necesidade de votar a inclusión do punto da orde do día.

Dña. Marta manifesta que non entende porque non se convocou a comisión de contas pero se votará a favor a inclusión.

Se inclúe por unanimidade.

O Secretario lee a proposta da Alcaldía, de data doce de marzo de dous mil vinte, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

Visto que nas bases de execución do orzamento, base núm. 52, se establecen as subvencións nominativas a conceder polo Concello de Vimianzo no ano 2019 e que este orzamento foi prorrogado ao ano 2020.

Visto que as subvencións nominativas a conceder non se prorrogan co orzamento, si os créditos.



Considerase que existen razóns de interese público, social e económico, para conceder as subvencións que se recollen no anexo elaborado.

Considerando a necesidade de modificar as bases de execución do orzamento do Concello para incluír estas subvencións nominativas.

Visto o informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobación inicial da modificación da base núm. 52 de execución do orzamento para prorrogar as subvencións nominativas que se recollen como anexo a esta base, sendo as seguintes:

#### **ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS 2020**

(...)

3.- Subvención a outorgar a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vimianzo, para colaborar nos gastos de funcionamento e mantemento, por unha cantidade de 2.000 €, con cargo a partida 135.48900.

**Segundo:** Que se proceda a exposición pública desta modificación nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2019 prorrogadas ao 2020, no Taboleiro de Anuncios do Concello durante quince días hábiles, coa fin de que os interesados poidan examinalo e interpoñer, no seu caso, as reclamación que estimen oportunas perante o Pleno. O inicio da exposición deberá ser igualmente publicado no BOP.

**Terceiro:** Transcorrido o período de exposición pública, e no caso de que non se tiveran interposto reclamacións durante o mesmo, o acordo ata entón provisional elevarase á categoría de definitivo unha vez se publique integramente a redacción da nova base de execución, entrando en vigor a partires da dita publicación. En caso de existir reclamacións, o Pleno deberá tomalas en consideración e decidir sobre a súa procedencia.

Vimianzo, 12 de marzo de 2020.  
A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordoñez."

A Interventora aclara se hai algunha dúbida.

Dna. Raquel Rodríguez agradece a labor de protección civil e está a favor.

Dna. Marta Rey vota a favor.

Sometida a proposta a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**3º.- Proposta sen ditaminar sobre o Plan económico-financieiro 2020-2021. Expediente Tedec: 2020/T004/000004.**

Vótase a inclusión do punto.

Dna. Raquel Rodríguez recorda que preferirían que houbera unha comisión previa.

Dna Marta Rey manifesta o seu voto a favor.



Vótase a inclusión por unanimidade.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data sete de marzo de dous mil vinte, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

Visto o informe emitido pola Intervención municipal de avaliación do cumprimento da regra de gasto en relación a liquidación do Orzamento do exercicio 2019, no cal se establece, visto o resultado de incumprimento do límite da regra de gasto, a obriga de elaboración dun Plan económico- financeiro 2020-2021.

Visto o Plan económico- financeiro suscrito por esta Alcaldía, considerando que dito plan é conforme ao determinado nos artigos 19, 20 e 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, así como tamén ao disposto no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, na parte que é de aplicación ás entidades locais,

PROPOÑO, previo informe de Intervención, ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan económico-financieiro 2020-2021 do Concello de Vimianzo nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira ( Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia); así como a Comisión Nacional da Administración Local.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.

Vimianzo, 7 de abril de 2020.  
A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordoñez”

A Interventora explica el PEF que debería aprobarse por incumplimiento de regla de gasto tras la liquidación, regula la senda de regla de gasto, el incumplimiento derivado del uso del RLT y mayores ingresos al estar saneado non se adoptan medidas.

Dna. Raquel Rodríguez dí que preferiría unha maior explicación deste punto, porque se incumpliu a regla de gasto.

Dna. Marta Rey comunica que se a interventora pode aclarar condicións concretas nos seguintes exercicios económicos.

A interventora traslada que o PEF xa unha cláusula de diagnóstico del incumplimiento de la regla de gasto, ya de la liquidación se trasladaba que se había superado. No es la primera vez que se tiene un PEF y lo único que nos obliga es no superar el gasto pero al estar saneados se hace un plan sin medidas mas que llevar un control del gasto. Se utilizan las liquideces del eólico y del RLT.

Dna. Raquel Rodríguez manifiesta que se absterán por querer velo con máis detenemento.



Dña. Marta Rey recorda a comisión de contas e vanse a abster porque o goberno debería haber controlado o gasto.

A Presidenta dí que se necesita algunha aclaración se dará, entende ó PP, é un Pleno bastante raro e únese a esta inquietude pero ofrecese a facer unha reunión para aclarar o que sexa. En resposta a A.V. responde que a responsabilidade é de todo un ano e este goberno non quere politizar pero só estivo no último semestre, de feito non puidemos apretar máis dado o gasto desmesurado que se fixo no primeiro semestre e non no último semestre. É consciente de que houbo eleccións e un gasto desmesurado por tanto. O plan xa se aprobou no ano 2016 e xa os coñecen pero estarán á súa disposición para aclaración.

Sometida a proposta a votación, o Pleno do Concello, por seis votos a favor (PSdeG-PSOE), sete abstencións (5 Adiante Vimianzo e 2 PP) e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

#### **4º. Proposta sen ditaminar sobre a separación e disolución do "consorcio entre Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Vimianzo para a repoboación forestal do monte de Baiñas".**

Inclusión na orde do día a favor por unanimidade.

Mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión do 26 de marzo de 1960 suscribíuse o consorcio de repoboación forestal entre o Concello de Vimianzo e Patrimonio Forestal do Estado, en relación ao monte nomeado "Baiñas", dunha superficie aproximada de 44,8 ha, que se sitúa ao suroeste do "Monte Cabral", lindando co municipio de Dumbría, con número de elenco C-3108 e procedencia: Baiñas C3108.

Consta no expediente o informe emitido polo axente de desenvolvemento rural deste concello, asinado na data do 19 de febreiro de 2020 e que dí o seguinte:

"INFORME SOBRE OS DEREITOS DE PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIMIANZO SOBRE O MONTE COÑECIDO COMO "BAIÑAS", SITUADO SEGUNDO OS PLANIMETRÍA DO SERVIZO DE MONTES SUROESTE DO MUNICIPIO DE VIMIANZO ENTRE O MONTE "CABRAL" E O MUNICIPIO DE DUMBRÍA, DESLINDADO NO ANO 1970, PERO QUE NA PLANIMETRÍA CATASTRAL NON EXISTE.

#### **ANTECEDENTES:**

1. Despois de coñecer que na Consellería de Medio Rural consta que existe un terreno do monte propiedade do Concello de Vimianzo. Este terreno segundo a dita Consellería é coñecido como "Baiñas", conta con unha superficie aproximada de 44,8 ha, e situase, ao suroeste do "Monte Cabral", lindando co municipio de Dumbría. As claves usadas para sinalar este monte pola antedita Consellería entre outras son "Elenco:C-3108" e "procedencia: Baiñas C3108".

#### **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:**

1.-Na Xerencia Rexional de Catastro non consta ningunha finca con ese nome, esa superficie, e que sinala como propietario o Concello de Vimianzo.

2.- No Inventario de Bens do Concello de Vimianzo vixente non consta ningún ben con ese nome, esa superficie ou esa ubicación.

3.- En 1960 firmouse un convenio entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Vimianzo para unha repoboación forestal de un monte chamado Baiñas con unha superficie de 350 ha, convenio do que veciños e comunidades veciñais foron reclamando as súas propiedades e desconsorciando as mesmas.

4.-O 08/05/1960 aprobouse por unha serie de veciños de Baiñas unha partición extraxudicial de un monte chamado "Tras da Costa", que aínda que non coincida a denominación do predio pola que a Patrimonio Forestal, coincide aproximadamente a superficie (47,01 ha) e los lindes co monte chamado "Baiñase" que foi deslindado e cartografado polo Servizo Provincial de Montes no ano 1970.



5.-Que non me consta que o Concello de Vimianzo nos últimos 30 anos se fixera cargo do dito monte, ou cumprira a súa parte do convenio.

Visto todo o antedito, e salvo erro ou omisión involuntaria, INFORMO que:

O Concello de Vimianzo non é propietario do terreno de monte que consta na Consellería de Medio Rural co nome de "Baiñas" con unha superficie aproximada de 44,8 ha, e sitúao, ao suroeste do Monte Carral, lindando co municipio de Dumbría. (Claves; "Elenco:C-3108" e "procedencia Baiñas C-3108".)

Vimianzo.

A.D.R. do Concello de Vimianzo."

Tamén consta o informe emitido polo secretario xeral, na data do 18 de abril de 2020 e que di o seguinte:

#### "INFORME XURÍDICO:

EXPTE: 2020/X999/000193.

ASUNTO: SEPARACIÓN E DISOLUCIÓN DO "CONSORCIO ENTRE PATRIMONIO FORESTAL DO ESTADO E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA A REPOBLACIÓN FORESTAL DO MONTE BAÍÑAS".

Por providencia de Alcaldía de data 16 de abril de 2020 solicítase informe en relación coa separación ou disolución do consorcio citado polo que se emite o seguinte conforme ó disposto nos artigos 54 do TRRL e 173 do ROF.

#### Lexislación aplicable:

- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo- LALGA-.
- Constitución Española - CE-.
- Leyi 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro - LRXSP-.
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Lei Orgánica 1/81 de 6 de abril - Estatuto de Autonomía de Galicia-.

#### Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- Atopámonos ante un consorcio de repoboación forestal suscrito entre o Concello de Vimianzo e Patrimonio Forestal do Estado por acordo plenario de 26 de marzo de 1960 aínda que pola antigüedad do expediente non se atopa o convenio consecuente suscrito de puño e letra polas partes implicadas.

É un consorcio preconstitucional polo que para a súa separación e disolución e pertinente acotar o réxime xurídico de aplicación tendo en conta que estamos ante materia que forma parte das competencias básicas do estado en relación ó réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

A capacidade asociativa das administracións públicas está recollida na Carta Europea de Autonomía Local de 1981, nos artigos 55 e ss. da LBRL e na Disposición Adicional 5ª desta mesma norma.

Os consorcios son entidades públicas de carácter asociativo con personalidade xurídica plena e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Estes foron obxecto de vaivéns normativos, dende consideralos administracións locais non territoriais ata nas leis 27/2013 e 15/2014 de 16 de setembro que aclaran a súa concepción como administración institucional reflexada no Capítulo IV do Título II da LRXSP (arts. 118-127) de aplicacións as entidades locais dacordo o disposto no artigo 81.3 de carácter básico ex Disposición Final 14ª desta norma.



SEGUNDO.- Así, segundo o teor do artigo 119 da LRXSP os consorcios rexeráanse polo establecido nesta lei, na normativa autonómica de desenvolvemento e os seus estatutos.

Segundo esta prelación de fontes de carácter básico, debemos acudir para a separación e disolución dos consorcios en primeiro lugar ó previsto nos artigos 125, 126 e 127 da LRXSP.

Nestes artigos estableceuse que o dereito de separación do consorcio deberá motivarse e exercitarse por escrito remitido ó máximo órgano de goberno do consorcio.

Figura no expediente a efectos xustificativos (art. 35.1.i da LPACAP) informe do técnico municipal de 19 de febreiro de 2020 no que afirma que tanto no rexistro catastral como no inventario municipal, non consta monte comunal co nome de Baiñas e que amais non consta que o concello nos últimos 30 anos se fixera cargo do dito monte ou cumprira a súa parte do convenio.

Se atendemos ós estatutos do mesmo, non figura órgano de goberno polo que debemos ter en conta cal é administración dominante que dacordo ós puntos d) e f) do artigo 120.2 da LRXSP será a administración autonómica como se explicará máis adiante.

Esta normativa, hai que conxugala coa normativa autonómica se a houbera e neste caso así se dispón para os consorcios nos artigos 149 a 152 da LALGA.

Concretamente no artigo 151.2 relativo á disolución daqueles establécese que *"Del mismo modo, para la modificación de los Estatutos del consorcio local, así como para la disolución del mismo, se seguirán las mismas reglas y el mismo procedimiento que el establecido por la legislación estatal básica y por los artículos 143 y 144 de la presente Ley para la modificación de los Estatutos o disolución de las mancomunidades de municipios."*

É dicir, hai que facer unha interpretación hermeneútica e integradora das normas citadas, tendo en conta que o artigo 143 da LALGA que é de aplicación á separación e disolución de mancomunidades e por remisión de consorcios, non pode ser obviado á vista da prelación de fontes citada anteriormente.

Dito artigo contempla un procedemento en dúas fases, unha aprobación inicial, exposición pública dun mes e solicitude de informes preceptivos e resolución posterior:

*"1. La modificación de los estatutos de la mancomunidad o la disolución de la Entidad Local se ajustará al siguiente procedimiento:*

*a) La iniciativa corresponderá al Pleno de la mancomunidad, de oficio o a instancia de los Ayuntamientos que la constituyen.*

*b) Adoptado el acuerdo, se someterá a información pública por plazo de un mes y, simultáneamente, se remitirá a la Diputación o Diputaciones Provinciales respectivas y a la Consejería competente en materia de régimen local para su informe, por plazo de un mes.*

*c) Finalizado el plazo de exposición pública y recibidos los informes a que se refiere el apartado anterior o transcurrido el plazo de un mes sin que hubiesen sido emitidos, se someterá el acuerdo de modificación de los estatutos o de disolución de la mancomunidad a los plenos de los Ayuntamientos mancomunados. La adopción de dicho acuerdo, que resolverá también las alegaciones, en caso de que éstas hubiesen sido presentadas, requerirá el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de cada una de las Corporaciones.*

*d) Aprobados los acuerdos de modificación de los estatutos de la mancomunidad o de disolución de la misma por la mayoría de los Ayuntamientos mancomunados, el Presidente de la mancomunidad remitirá copia certificada de los mismos a la Consejera competente en materia de régimen local, para su íntegra publicación en el «Diario Oficial de Galicia», y los comunicará a la Administración Central del Estado a los efectos establecidos por la legislación básica de régimen local.*

*2. Toda incorporación o separación de miembros de una mancomunidad conllevará, necesariamente, la modificación de sus estatutos.*



3. En caso de que un municipio decida unilateralmente separarse de la mancomunidad, lo manifestará con un año de antelación, sin dejar de cumplir con los compromisos contraídos en ese plazo."

E o artigo 144 contempla a actuación final do seguinte teor: "En caso de disolución de una mancomunidad, la misma mantendrá su personalidad jurídica en tanto no sea adoptado por el Pleno el acuerdo de liquidación y distribución de su patrimonio, el cual se publicará en el «Diario Oficial de Galicia», junto con el de disolución. "

A interpretación integradora de ambas normativas, a básica estatal e a autonómica, considerando que na primeira determinanse dúas fases para a postrera disolución e liquidación na que previamente habería que separarse do consorcio, nos leva a prever un procedemento de separación con acordo expreso remitido ó organismo autonómico competente amáis de solicitar os informes preceptivos citados na LALGA expoñendo ó público dito acordo que se elevaría a definitivo en caso de non producirse alegacións ou non se aportasen os informes provinciais e autonómicos no prazo dun mes desde a súa solicitude por razóns economía procesal.

TERCEIRO.- Como xa adiantei, atopámonos ante un consorcio preconstitucional no que unha das partes e o Ministerio de Agricultura a través de Patrimonio Forestal.

Mais, trala aprobación da CE, a competencia exclusiva en materia de montes e aproveitamentos forestais e a xestión en materia de protección do medio ambiente pasou a pertencer as CCAA ex artigo 148.1.8º e 9º da norma suprema o que se plasmou no Estatuto de Galicia, cocretamente no seu artigo 27 punto 10 e 30, polo que a administración á cal nos temos que dirixir para notificar a separación do consorcio será a Consellería de Medio Rural, sen perxuízo de trasladar este acordo ó Ministerio de Cultura a efectos da posible liquidación, de constar activos líquidos aportados.

CUARTO.- En canto o órgano competente para acordar a separación e consecuente disolución do consorcio por parte deste concello sería o Pleno da Corporación á vista do disposto no artigo 22.2.b) da LBRL e normativa autonómica sendo o quorum pertinente para a adopción de dito acordo a maioría absoluta dos membros legais da corporación (7) conforme o artigo 47.2.g) da LBRL o que implica o carácter preceptivo do presente informe ó teor dos artigos 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF.

#### CONCLUSIÓN:

A vista das consideracións xurídicas expostas e a normativa de aplicación cabería adoptar polo Pleno da Corporación un acordo do seguinte teor:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a separación co fin de disolver e liquidar no seu caso o Consorcio entre o "Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Vimianzo para a Repoboación Forestal do Monte Baiñas".

**SEGUNDO.-** Someter a información pública por prazo dun mes o presente acordo mediante anuncio insertado no BOP de Coruña co fin de que se presenten as alegacións e documentos que se estimen en relación con este asunto, remitíndoo de xeito expreso á Deputación Provincial da Coruña e á Dirección Xeral de Administración Local para a emisión do preceptivo informe no prazo dun mes.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Rural e dar traslado do mesmo ó Ministerio de Agricultura ós efectos oportunos.

**CUARTO.-** En caso de que no prazo dun mes desde a recepción do acordo non se aporten os informes preceptivos previstos no punto segundo e non se presenten alegacións ou documentos en relación con este asunto, elevarase a definitiva a separación do consorcio e a súa disolución remitindo certificado á Consellería competente en materia de réxime local e de Medio Rural para a súa íntegra publicación no DOGA e comunicándoo ó Ministerio de Agricultura.

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mío, A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez."

O Secretario explica o expediente.

Dña. Raquel Rodríguez pregunta se hai que liquidar e o Secretario aclara que non consta.





Dna. Marta Rey está a favor para devolver os montes ós seus propietarios como nos montes gorreis e milleira.

Visto canto antecede, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a separación co fin de disolver e liquidar no seu caso o Consorcio entre o "Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Vimianzo para a Repoboación Forestal do Monte Baiñas".

**SEGUNDO.-** Someter a información pública por prazo dun mes o presente acordo mediante anuncio insertado no BOP de Coruña co fin de que se presenten as alegacións e documentos que se estimen en relación con este asunto, remitíndoo de xeito expreso á Deputación Provincial da Coruña e á Dirección Xeral de Administración Local para a emisión do preceptivo informe no prazo dun mes.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Rural e dar traslado do mesmo ó Ministerio de Agricultura ós efectos oportunos.

**CUARTO.-** En caso de que no prazo dun mes desde a recepción do acordo non se aporten os informes preceptivos previstos no punto segundo e non se presenten alegacións ou documentos en relación con este asunto, elevarase a definitiva a separación do consorcio e a súa disolución remitindo certificado á Consellería competente en materia de réxime local e de Medio Rural para a súa íntegra publicación no DOGA e comunicándoo ó Ministerio de Agricultura.

## **B) Sección de control**

**5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 335/2020, do 3 de abril de 2020 referente á suspensión parcial e temporal do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.**

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptados desde o día 26-02-2020 con número 202/2020 ata o día 21-04-2020 con número 382/2020.

O Secretario explica de xeito expreso a Resolución da Alcaldía núm. 335/2020, do 3 de abril de 2020, referente á suspensión parcial e temporal do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas do Concello de Vimianzo. Expte 2020/X999/000170.

O Pleno do Concello doures por enterado.

**6º. Dación de conta de asuntos económicos.**

Explica a interventora dando conta das magnitudes que se remiten trimestralmente ao Ministerio, que se trato dos seguintes asuntos:

- Informe PMP correspondente ao primeiro trimestre do ano 2020.
- Informe PMP-Morosidade correspondente ao primeiro trimestre do ano 2020.
- Orzamento prorrogado do exercicio 2019.

O Pleno do Concello douse por enterado.

**7º. Dar conta do informe de Intervención en relación coas subvencións que recibiron os grupos políticos en 2019. Expediente Tedec: 2020/X999/000157**



Dáse conta ao Pleno do Concello do informe de Intervención emitido na data do 17 de marzo de 2020 en relación coas subveccións recibidas polos grupos políticos no ano 2019.

A interventora explica que foron examinadas e non se detectou anomalía.

O Pleno do Concello douse por enterado.

## **8º. Mocións de Urgencia**

Pregunta a Presidenta se hai algunha moción de urxencia.

Non hai.

## **9º. Rogos e preguntas.**

Dna. Raquel Rodríguez roga que as dietas de pleno este grupo político se donen a caritas e cruz vermella. Outro rogo de axudas económicas a gandeiros e autónomos. E condonar impostos estando a disposición do grupo de goberno para aportar ideas e axudar no que faga falta. Axudas económicas para o sector empresarial.

Dna. Marta Rey segue a liña marcada polo PP e que se convoque unha comisión do seguimento do COVID coas ideas que se poidan chegar ó respecto, rogan en trasladar as dietas do pleno onde se decida. Unha dúbida, esta aportación habería que facela o concello directamente ou nos para facer esta doazón.

Teríamos moitas preguntas pero non é o momento pero lembrese os gastos de nadal que están esperando e non é momento de buscar confrontación política.

Remata dando o seu apoio á cidadanía e persoas que sufriron en carne propia a pandemia.

A presidenta comunica que os fondos de dieta foron para protección civil pero damos conformidade de facer entrega a caritas e cruz vermella.

A interventora non é a primeira vez que se dá, las donaciones son personales, no las puede hacer el concello, desde aquí no lo podemos hacer. Y además lleva retención de IRPF.

A presidenta propoñe facer recolectas a nivel de grupo político e logo facer entregas dos grupos xa que non se pode facer directamente desde o concello.

En relación co PP traslada que agradece a iniciativa do mesmo, preocupa moito a situación económica, e estamos traballando neste sentido tendo reunións e as ADLs están buscando medio legais para facelo pero a lexislación por agora non o permite facer. Se se permitira nalgún momento este goberno o faría porque tócanos un esforzo máximo para saír desta situación. Reitera a súa preocupación e agradece calquera suxerencia que se poida facer e reuniranse os portavoces e deberá estudiarse as fórmulas legais desde secretaría e intervención. Confirma que cree que non é momento de confrontación política, agradece a aportación de A.V. polo tema das mascarillas sendo o obxectivo do grupo de goberno ó adquirir mascarillas homologadas co fin de protexer á poboación.

Continúa dicindo que se fixo seguindo as instrucións das autoridades sanitarias, sen perxuízo de agradecer as iniciativas de mascarillas artesáns pero se a decisión do concello foi adquirir mascarillas quirúrxicas é por razóns de seguridade e hixiene dentro dos parámetros técnicos marcados polas autoridades sanitarias. Estamos a súa disposición as 24 horas do día cumprindo coa normativa e instrucións do Goberno Central. Gracias ós portavoces e os concelleiros polas probas e o Secretario e á Interventora. Gracias á Deputación tamén por poñer estes aplicativos para traballar con elas.



Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:08 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 24 de abril de 2020.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz